

II XUNTANZA PROPOSTA ACORDO PARA A ORDENACIÓN E MELLORA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS DE SAÚDE PÚBLICA

Santiago de Compostela 16/05/25

Na **xuntanza da comisión de seguimento** celebrada no día de hoxe convocada pola Vicesecretaría Xeral da Consellería de Sanidade coa participación das organizacións sindicais asinantes do Acordo **para a ordenación e mellora da prestación de servizos veterinarios oficiais de Saúde Pública co obxecto de modificar os seu ANEXO I**, UGT Servizos Públicos logo de analizar a proposta recibida, entende que os aspectos recollidos na mesma, resultan totalmente insuficientes e extemporáneos, polo que formalmente

SOLICITOU:

- **A convocatoria con carácter urgente do CONCURSO DE TRASLADOS.** Consideramos que as necesidades organizativas da administración non son unha emerxencia que impida convocalo. Tampouco existe un impedimento obxectivo para adiar dita convocatoria.
- O adiamento da actualización ou revisión profunda do Acordo de 2008 **cun calendario temporal e de materias a tratar que contemplen as xustas e necesarias compensacións e outras cuestións de condicións laborais que requiren de ser tratadas.**

